

## As Mariñas e o Golfo Ártabro\*



VISTA NOCTURNA DA CORUÑA DESDE A PRAIA DE MERA

Propoñémosche atractivas visitas pola comarca das **Mariñas Coruñesas** acariñando as augas do **Golfo Ártabro**.

Talvez unha ruta seguindo a costa leste da Ría da Coruña, en Oleiros, sen perder de vista a cidade, o porto e a Torre de Hércules.

Perdéreste no encanto das cidades medievais do cabaleiro Fernán Pérez de Andrade “O Boo”, **Betanzos** e **Pontedeume**. Sen deixares de descubrir monumentos e recunchos en Sada, Bergondo, Abegondo, Cambre, Carral ou Culleredo.

E como non, admirares o mar salvaxe das praias de Arteixo até chegar a vila mariñeira de Caión, ás portas da temida **Costa da Morte**.



FONTE DIANA CAZADORA - BETANZOS



PAZO DE MARIÑÁN - XARDÍNS



FARO DE MERA



ARTEIXO - SURFISTAS

## \*Artabrorum

Coñécese como Golfo Ártabro á grande entrada do mar sobre terra que se forma na confluencia das rías da Coruña, Betanzos, Ares e Ferrol: a “dentada” que se aprecia no noroeste da península ibérica cando miramos un mapa. Os xeógrafos grecorromanos, bautizárono como **Portus Magnus Artabrorum** (Gran Porto Ártabro).



VISTA GOLFO ÁRTABRO

## Reserva de Biosfera:

Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, unha área formada por ecosistemas terrestres, costeiros e mariños das conchas dos ríos Mero e Mandeo, que inclúe zonas da Rede Natura 2000 e abarca dezasete concellos, incluída A Coruña. Unha Reserva de Biosfera é unha área designada pola **UNESCO** dentro do programa **Home e a Biosfera** co fin de conservar o patrimonio natural e cultural, fomentar o progreso socioeconómico dos seus habitantes, investigar e educar para o desenvolvemento sustentable.

## ...perfis:

**Fernán Perez de Andrade**, cabaleiro medieval, dono e señor dos territorios polos que te moverás nestas visitas. Poderás coñecelo mellor en Betanzos e Pontedeume.

**Irmáns García Naveira**, Indianos que fixeron fortuna en Arxentina e regresaron ao seu Betanzos natal, a principios do s. XX, para realizar un gran labor filantrópico.

**Luis Seoane**, (Buenos Aires, 1910 - A Coruña, 1979). “*Os galegos van acabar coñecendo a súa historia, aínda que sexa a base de comprar cacharriños, figuriñas...*” Pintor, escritor e intelectual que, nos anos 70, reivolucionou a arte e a historia de Galicia a través dos seus deseños para Cerámicas O Castro e Sargadelos.

A pantasma **Fiz de Cotovelo** que deambula polos camiños de Cecebre na novela de **Wenceslao Fernández Florez**, **El Bosque Animado**, adóitase achegar ao vello cemiterio de Santo Amaro da Coruña, para ilustrar a visita guiada ao Panteón de Galicia dentro do Itinearario Europeo de Cemiterios Singulares.

MÁIS INFORMACIÓN EN:

[www.turismocoruna.com](http://www.turismocoruna.com)

SÍGUENOS EN:



**Turismo Coruña**

Rúa Sol. Edificio Sol, s/n  
15003 A Coruña  
T +34 981 184 344  
infoturismo@coruna.es



CORUÑA  
PROXIMA




# As Mariñas Coruñesas

## GOLFO ÁRTABRO




**Betanzos**  
24 km / 23' (AP-9, saída 2F-A)  
Península fluvial rodeada polos ríos Mandeo e Mendo, é unha cidade medieval cuxo centro histórico é Conxunto Histórico Artístico. Conserva tres portas de entrada da antiga muralla, Arco da Ponte Nova, Arco do Cristo e Arco da Ponte Vella. Dentro de murallas destacan as tres igrexas de estilo gótico temperán construídas por Fernán Pérez de Andrade. San Francisco, monumento nacional (s. XIV); no seu interior salienta o sepulcro de Fernán Pérez de Andrade e outras tumbas que converten este templo no panteón heráldico máis importante de Galicia. Santa María do Azogue, monumento nacional (s. XIV), onde non podes deixar de admirar o seu retablo de madeira policromada da escola flamenca e o capitel co único calendario agrícola de Galicia. E a igrexa de Santiago (s. XV) coa figura do apóstol no seu pórtico; no s. XVI construíuse, acaroada ao templo, a torre municipal.



Nos arredores da vila poderás visitar a Capela de Breamo, o Castelo de Andrade, ou os Mosteiros de Monfero e Caaveiro en pleno **Parque Natural Fragas do Eume**, o bosque autóctono costeiro mellor conservado de Europa.



**Costa leste da Ría da Coruña**  
(Por Avda. Alfonso Molina AC-11 e Ponte da Pasaxe AC-12)  
O carril central da ponte lévanos a Santa Cristina (7 km / 12') unha praia-península, xa no concello de Oleiros. Saímos dirección Bastiagueiro (2 km / 5'), a praia da mocidade coruñesa.



**Bergondo**  
23 km / 20' (AP-9, saída 2F-B)  
Bergondo, terra de pazos e casas señoriais onde destaca o Pazo de Mariñán de estilo barroco, propiedade da Deputación da Coruña. Situado a beiras da Ría de Betanzos. Pódese visitar o interior e os espectaculares xardíns con observatorios ornitolóxicos. A ponte do Pedrido, sobre a Ría, obra dos enxeñeiros Torroja Miret e Villalba Granda, lévanos dirección Miño, unha das praias máis emblemáticas desta costa.



**Cambre**  
16 km / 20' (AP-9, saída 7)  
Aquí descubrirás unha das xoias do románico galego, a igrexa de Santa María de Cambre. Fronte á fachada principal, o Museo do Xacemento mostra restos da vila romana. Tamén poderás gozar dun paseo pola Ría do Burgo ou descubrir casas de estilo modernista. En Cambre atópase o bosque que inspirou a Wenceslao Fernández Flores na súa novela, levada ao cinema, El Bosque Animado.




**O Burgo, Culleredo**  
12 km / 12' (AP-9, saída 7)  
Paso do Camiño Inglés da Coruña a Compostela. Pódese visitar a Ponte do Burgo, no que foi o antigo emprazamento da cidade antes de que Alfonso IX, rei de León, ordenase o seu traslado a "Crunia", no emprazamento que hoxe coñecemos como Cidade Vella, abrindo a cidade ao comercio marítimo. En Peiro, a Torre de Celas, Ben de Intere Cultural, fala dos dominios das terras de Andrade. O monte Xalo é unha boa opción para os amantes do senderismo e a aventura.



**Carral**  
21 km / 21' (N-550)  
Se xa tapeaches na cidade, seguro que probaches o pan de Carral. Este concello rural, no Camiño Inglés desde A Coruña, ten máis de 20 panaderías artesás que explican a fama do pan galego de leña. Están en terra de cereais, e non hai ferriña sen miño. Os muiños de Costa da Égoa é unha senda escondida, entre regatos, bosque selvático e vellos muiños de auga. Para perderse.



**Abegondo**  
30 km / 26' (AP-9 y A-6)  
Os seus pazos de Quiroga e Figueroa falan do pasado señorial do lugar. Abegondo ten un cruceiro que nos gusta tanto aos coruñeses que temos unha réplica aquí, fronte á igrexa de San Xurxo. Os encoros de Beche e o de Abegondo - Cecebre, construído en 1976 para abastecer de auga á cidade da Coruña e incluído na Rede Natura 2000, son os mellores espazos para observar as aves migratorias que pasan o inverno na nosa comarca. En Abegondo están os campos de adestramento do Deportivo da Coruña.



**Arteixo**  
23 km / 20' (AG-55)  
En Arteixo atópase a sede do xigante coruñés da moda, INDITEX e o porto exterior da Coruña. Recomendámosche un paseo natural pola súa Senda Azul (dificultade baixa 6,5 km), dentro do espazo protexido ZEC Costa da Morte. Percorrerás o camiño de unión de sete sorprendentes praias salvaxes que desafían ao bravo Atlántico Norte. Augas salgadas cheas de surfistas, aves mariñas, golfiños e, talvez, baleas.



**Caíón e Costa da Morte**  
25 km / 30' (AG-55, DP-0514)  
Caíón, antigo porto baleeiro, é unha pequena vila, con menos de 1.000 habitantes, que nos fala de como é a vida das xentes desta comarca costeira. Aquí ábrese as portas da temida **Costa da Morte** coruñesa, chamada así pola cantidade de naufraxios que se producían antigamente desde aquí ata Fisterra, pasando por Maspica, Muxía, Corme, Laxe, Camariñas, Corcubión e Cee.

**+ INFO**  
**Turismo Betanzos**  
turismo.betanzos.gal  
T +34 981 776 666  
**Pontevedra Turismo**  
pontevedratourismo.es  
T +34 981 430 270  
**Oleiros Turismo**  
oleiros.org  
T +34 981 904 052  
**Sada Turismo**  
concellodesada.com  
T +34 881 965 481  
**Bergondo**  
bergondo.gal  
T +34 981 791 252  
**Cambre**  
cambre.es  
T +34 981 656 217  
**Culleredo**  
culleredo.es  
T +34 981 664 204  
**Abegondo**  
abegondo.gal  
T +34 981 647 909  
**Turismo Arteixo**  
arteixo.org  
T +34 981 659 177  
**Caíón**  
alaracha.gal  
T +34 981 612 811



Visita obrigada é o Parque Enciclopédico do Pasatempo, cuxa construción finalizou en 1914 polos Irmáns García Naveira, indianos que fixeron fortuna en Arxentina. A principios do s. XX, en Betanzos tamén chega o novo estilo europeo, o Modernismo. O arquitecto Rafael González Villar, autor do Kiosco Alfonso da Coruña, é un dos principais impulsores da transformación do Betanzos medieval en "cidade moderna".



**Pontevedra**  
38 km / 30' (AP-9, saída 21F)  
Pontevedra e Betanzos, dominios do cabaleiro Fernán Pérez de Andrade, son núcleos burgos moi importantes durante o medievo. A súa situación xeográfica, na desvencadura do río Eume, converteuno nun punto de defensa estratéxico.

No seu casco antigo adiviñanse as pegadas do pasado. Desde a autoestrada, entrarás na urbe cruzando a ponte que substitúe á antiga ponte gótica, do que se conservan o oso e o xabaril, símbolos dos Andrade. Divídese o Torreón dos Andrade (s. XIV), hoxe Oficina de Turismo e Centro de Interpretación dos Andrade. Paseando polas súas rúas, descubrirás os restos da Muralla de Vila, o Concello, a rúa Real, as igrexas de Santiago e das Virtudes, o Pazo do Arcebispo Agostino, a Catedral de Sando, a Catedral de Latinidade e máis segredos do pasado medieval.



Partimos dirección Santa Cruz (1 km / 3') onde nos atoparemos co castelo fortaleza construído para defender a Ría e unha magnífica panorámica da nosa cidade. Xa en Mera (5 km / 8'), vila de verán, subimos ao faro, trátase de dúas torres de enfilación que, xunto coa Torre de Hércules, guían a entrada dos grandes buques na Coruña. Entre o faro e o porto de Lorbé, famoso polas súas bateas de mexillóns, esténdese o monumento natural Costa de Dexo. Desde os cantís observaremos as rías que forman o Golfo Ártabro: A Coruña, Betanzos, Ares e Ferrol.



**Sada**  
18 km / 24' (AC-11, N-VI, AC-174)  
Vila estival das familias coruñesas de principios do s. XX, é un dos portos pesqueiros e deportivos máis importantes da comarca. O seu pasado modernista adiviñase no edificio A Terraza, orixinalmente situado nos Xardíns de Méndez Núñez da Coruña e trasladado no tranvía que unía a cidade con Sada. Tamén é visita obrigada o taller de Cerámicas O Castro (Sargadelos) creado por Isaac Díaz Pardo e o pintor coruñés Luís Seoane.



*gustáronche as nosas propostas?*

*...quizais en bus*

Se non queres conducir, desde o centro da cidade, na rúa Entrexardíns (Xardíns de Méndez Núñez) saen buses de liña regular a algúns destes destinos, e desde a Estación de Autobuses para todos. Podes consultar horarios nos paneis informativos da parada Entrexardíns ou en: ESTACIÓN(T+34 981 184 335), ACP(autoscalpita.com-T+34 981 235 759) e ARRIVA(arriva.gal-T+34 981 330 046)